

# Normativa en materia de contratación.

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en diante LCSP.
- Artigo 132 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión dos centros docentes públicos non universitario
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico

# Contratación nos centros-contrato menor

**Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos. (non se conta o IVE)**

**¿Contratación que excede?**

# Límites

- A súa duración non pode superar un ano.
- Non poden prorrogarse.
- Non poderá utilizarse un contrato de servizos para a contratación de persoal.
- O cumprimento do establecido no artigo 118.3 da LCSP, segundo o cal *“no expediente xustificárase que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo”*.

Esta limitación se refire unicamente ao mesmo obxecto e dentro do mesmo ano natural, pero para un obxecto distinto si poderán realizarse novos contratos ao longo do ano coa mesma empresa.

# Competencia

Artigo 132 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:

*“Son competencias do director: j) Realizar as contratacións de obras, servizos e subministracións, así como autorizar os gastos de acordo co orzamento do centro, ordenar os pagos e visar as certificacións e documentos oficiais do centro, todo iso de acordo co que establezan as Administracións educativas.”*

# Procedemento

*Artigo 118 LCSP:*

*1. Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.*

*Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o **informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato**. Así mesmo requirirase **a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura** correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.*

*2. **No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras**, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.*

*3. No expediente xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo. O órgano de contratación comprobará o cumprimento da devandita regra.*

# Trámites

- Informe necesidad:
  - Necesidade do contrato.
  - Non alteración do obxecto para evitar as regras de publicidade.
- Aprobación gasto
- Decisión ¿a que empresa adxudico?
- Resolución de adxudicación
  - Xustificación de non exceder os límites previstos con esa empresa
  - Condición suspensiva-aceptación pola empresa
- Formalización contrato?